



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3
15897 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 358
<http://www.turismo.gal>

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA POSIBILITAR A APERTURA DE IGREXAS DENTRO DO PROGRAMA "CAMIÑO SOLIDARIO"

En Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019

Reunidos

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, en calidade de presidente da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, do 26 de setembro, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

E doutra parte o Ilmo. Sr. Don Víctor Benedicto Maroño Pena, Vicario Xeral do **Arcebispado de Santiago de Compostela**, en nome e representación do Arcebispado de Santiago de Compostela, con CIF R1500020A, con domicilio na Praza da Inmaculada núm. 1, en Santiago de Compostela, en virtude das facultades que lle outorga o Código de Dereito Canónico.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector



Xacobeo 2021

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 29/10/2019 10:27:45

ENTRADA 2928 / RX 2184196





público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso, coordinación e execución da política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, mantemento e conservación, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

A Axencia Turismo de Galicia é a entidade encargada da organización do Ano Santo Xacobeo 2021, que foi declarado de excepcional interese pola Disposición adicional octoxésima sétima da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 e lle corresponde así mesmo , a execución do programa de actuacións e actividades, de conformidade co establecido no acordo adoptado na Comisión Executiva do Consello Xacobeo celebrado o 6 de novembro de 2018, o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15 de novembro de 2018 e a aceptación por parte da Axencia de Turismo de Galicia das facultades atribuídas do 19 de novembro de 2018.

Segundo.- Que un dos produtos turísticos estrela do turismo de Galicia é o Camiño de Santiago.

O Plan Director e Plan Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 supón unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marca as directrices para favorecer a conservación e protección do Camiño na nosa comunidade autónoma, atendendo a todos os axentes, públicos e privados, implicados no mesmo. O Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015- 2021 ten como retos:

- Conciencia e posicionamento dos valores esenciais do Camiño
- Posta en valor do patrimonio do Camiño
- Excelencia na experiencia do peregrino
- Eixo de desenvolvemento socioeconómico sostible e responsable
- Camiño como fortalecedor da marca “Galicia”

Na liña estratéxica I, inclúese como plan de actuación a colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades eclesiásticas, para a acollida aos peregrinos e a difusión do patrimonio.





A este respecto, unha das formas de promoción do Camiño é a posta en valor dos seus bens inmobles, tendo unha gran riqueza cultural, histórica e artística as igrexas por onde pasa o Camiño; así como as existentes na meta do mesmo como é Santiago de Compostela.

Terceiro.- Que o notable incremento do número da afluencia de peregrinos, non só dos peregrinos que acoden a pé a Santiago de Compostela a través das diferentes rutas xacobeas, senón por outros medios de transporte, esixe unhas novas medidas de atención e servizos os peregrinos que faciliten o aceso de estes o importante patrimonio cultural existente os pés do Camiño de Santiago co consecuente aumento dos medios humanos e materiais para este fin.

Dado que o Camiño de Santiago constitúe na actualidade unha marca que identifica a Galicia e España no mundo, a coidada atención os peregrinos é un reto importante para todos os departamentos e órganos da Xunta de Galicia dado que repercute na imaxe internacional da nosa Comunidade Autónoma.

Neste sentido, é necesario articular medidas que reforcen a atención e acollemento.

Cuarto.- Que entre a Axencia Turismo de Galicia e a Consellería de Política Social vense colaborando desde fai uns anos para a implantación do programa "Camiño Solidario". Trátase dunha iniciativa que busca dar a coñecer, por parte de persoas voluntarias, o rico patrimonio artístico e cultural existente ao pé das diferentes rutas do Camiño de Santiago, co obxectivo de favorecer o seu coñecemento de cara ao Xacobeo 2021.

A través do citado programa promóvese a apertura de igrexas e monumentos que reflicten a riqueza do legado histórico e relixioso do Camiño de Santiago, durante a época de maior afluencia de peregrinos ao longo dos diferentes Camiños de Santiago e promócióname o patrimonio cultural existente na zona, recollendo un programa de visitas a monumentos, bens e construcións que poidan resultar de interese.

A través do programa Camiño Solidario, a Consellería de Política Social, mediante a Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, facilita que as persoas voluntarias participantes leven a cabo actividades de información en dous ámbitos de actuación:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3
15897 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 358
<http://www.turismo.gal>

galicia

- Voluntariado Cultural:
 - Acompañamento os peregrinos para as visitas as igrexas e outros monumentos da zona (castros, lavadoiros, canastros, cruceiros, mámoa, etc...)
- Voluntario Informativo:
 - Informar os peregrinos e visitantes sobre aspectos culturais e de servizos (albergues, oficinas de información, centros de saúde, ...) que existan no ámbito territorial.

Quinto.- Que para a implementación do citado programa en canto a apertura de igrexas é preciso contar coa colaboración dos órganos eclesiásticos competentes, que deben autorizar a citada apertura, os horarios de apertura das igrexas e a forma de articular a apertura e peche das igrexas.

A estes efectos tramítase o presente convenio de colaboración, que implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Turismo de Galicia. A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada no apoio ao Camiño de Santiago e na divulgación do patrimonio vinculado ao mesmo, coa apertura de igrexas, como bens culturais que son, de xeito que se contribúa á promoción do Camiño de Santiago, no marco do programa "Camiño Solidario". Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención.

O Arcebisado de Santiago é o titular de parte das igrexas incluídas no programa "Camiño Solidario" e por tanto o único capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade, non resultando posible a concorrencia pública.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes



Xacobeo 2021



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Arcebispado de Santiago de Compostela para permitir a apertura das igrexas recollidas no anexo e que se inclúen no programa "Camiño Solidario", programa de voluntariado creado pola Xunta de Galicia a través do que se seleccionarán as persoas voluntarias que colaborarán co arcebispado e os párrocos na citada apertura das igrexas.

Os horarios de apertura de cada igrexa, determinaranse de común entre o párroco e as persoas voluntarias sendo decisión do párroco o xeito de facilitar a apertura.

A subvención da Axencia Turismo de Galicia financiará os gastos necesarios de mantemento como auga, luz, limpeza, calefacción e comunicacións, así como os gastos da subscripción dun seguro que cubra os posibles danos que poidan sufrir os inmobles.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A achega da Axencia Turismo de Galicia será dun máximo de 14.000€ para gastos de subministracións (comunicacións, electricidade, calefacción, seguros, correos).

A Axencia Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo de 14.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2019.

A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que as entidades beneficiarias obteñan beneficio ou lucro industrial algún con ditas achegas.





TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2019 . En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. A entidade beneficiaria da subvención, obrígase a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, así como executar o orzamento previsto na cláusula segunda.
 - Incluír, en toda a documentación ou soportes empregados na realización das actuacións subvencionadas, a colaboración da Xunta de Galicia - Turismo de Galicia, así coma a marca "Galicia", regulada por Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización, e marca do Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca **Xacobeo 2021** (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).
 - Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración





ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- As restantes obrigas establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

2. A Axencia Turismo de Galicia obrígase a:

- Realizar a achega establecida na cláusula segunda, en concepto de concesión directa dunha subvención para a realización das actuacións previstas neste convenio de colaboración e a elaborar un folleto informativo sobre o programa de voluntariado onde figuren os logotipos das entidades asinantes e que o seu contido elaborase de común acordo entre as partes.
- Respetar os horarios de misas e demais actos eclesiásticos así como o debido respecto ao carácter relixioso dos inmobles. Esta condición trasladarase á relación de voluntariado que a Xunta de Galicia conclúa coas persoas voluntarias.
- Implementar unha pequena sinalética identificativa para as igrexas, cuxo deseño se decidirá de mutuo acordo entre as partes





QUINTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia

Entre o Arcebispado e as persoas voluntarias, non existirá relación laboral ou de calquera outra natureza de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ao Arcebispado.

Ase mesmo corresponde á Xunta de Galicia o cumprimento respecto dos voluntarios, das esixencias recollidas na Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria e resto de normativa aplicable, e en particular, respecto do Arzobispado e terceiros, a prevista no artigo 11. i) da referida lei.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO E PAGAMENTO

1. A xustificación da subvención efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterá a seguinte documentación:





- Unha memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento (nóminas, abonos a Seguridade Social, etc.)
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia” e do Xacobeo 2021.

Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

2. A data límite para presentar a documentación xustificativa será o **30 de novembro de 2019**.
3. A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total previsto na cláusula segunda.
4. Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a



procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Arcebispado deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade beneficiaria quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada polas entidades beneficiarias, o cal deberá ser acreditado por estas coa xustificación do convenio.

5. A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

OITAVA.- PAGOS ANTICIPADOS E PAGOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de ata un 80% sobre os primeiros 18.000 € e de un 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 € e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.





Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas.

Para proceder ao seu pagamento, a entidade beneficiaria da subvención deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

A suma dos pagamentos a anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

A entidade beneficiaria está exenta da obriga de prestar garantía de conformidade co disposto no artigo 65.4 f) do citado Regulamento.

NOVENA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o Arzobispado de Santiago deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.





Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

DÉCIMA PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMA SEGUNDA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.





Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO E AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.





Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO SEXTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.





DÉCIMO SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2019**.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia


Polo Arcebispado de Santiago

O presidente

O vicario xeral

Román Rodríguez González

Víctor Benedicto Maroño Pena



Víctor B. Maroño
Pena

ANEXO

ARCHIDIÓCESIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	CONCELLOS
Igrexa de Santa María das Areas	Fisterra
Igrexa monástica de San Xulián de Moraime	Muxía
Igrexa de San Martiño de Tiobre	Betanzos
Igrexa de San Xurxo (A Coruña)	A Coruña
Igrexa de Santiago (A Coruña)	A Coruña
Igrexa de Santa Mariña de Carracedo	Caldas de Reis
Igrexa de San Marcos de Corcubión	Corcubión
Capela das Neves - Buxantes	Dumbría
Igrexa de Santa María de Muxía	Muxía
Santuario da Virxe da Barca	Muxía
Santuario da Escravitude	Padrón
Igrexa de Santa María de Alba	Pontevedra
Igrexa de Santa María a Real de Sar	Santiago de Compostela
Igrexa de Santa Susana	Santiago de Compostela

